



ASUNTO: Proceso de selección para a creación dunha bolsa de emprego destinada a cubrir necesidades de persoal docente na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo para a execución de proxectos e programas de emprego e formación (Obradoiros de emprego e Programas de emprego para persoas mozas). Aprobación das listas provisionais de persoas admitidas e excluídas

(EXPEDIENTE ELECTRÓNICO 630/14)

INFORME PROPOSTA

En data 08/05/2026 incoouse expediente para a aprobación das bases reguladoras e convocatoria do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego destinada á cobertura temporal de postos de persoal docente da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo para a execución de programas de emprego e formación (obradoiros duais de emprego e programas de emprego para persoas mozas), mediante o sistema de concurso.

Consta no expediente 630/14 a redacción das bases con data sinatura dixital 8.05.2026.

Por Resolución da Concelleira Delegada da Mancomunidade de Vigo de 14/06/2026, foron aprobadas as bases reguladoras para a creación dunha bolsa de emprego destinada a cubrir necesidades de persoal docente na Mancomunidade da área Intermunicipal de Vigo para a execución de proxectos e programas de emprego e formación (obradoiros de emprego e programas de emprego para persoas mozas).

A finalidade da aprobación destas bases e da correspondente é seleccionar as persoas que integrarán unha bolsa de emprego que poderán ser utilizada para a cobertura de necesidades temporais dos seguintes postos/categorías:

- Experto/a docente en deseño gráfico.
- Experto/a docente en desenvolvemento local.

Tal como se establecía nas propias bases, o 19 de maio publícase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) o correspondente anuncio de convocatoria que abre o prazo de presentación de solicitudes, que literalmente recolle o seguinte parágrafo: *"O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. As bases publicaranse íntegras na páxina web da Mancomunidade (www.maiv.org) e no taboleiro de anuncios desta entidade"*. Ademais da publicación do anuncio no BOPPO, déuselle difusión a esta convocatoria a través das RRSS da entidade (LinkedIn).

O prazo de presentación de solicitudes rematou, polo tanto o luns, 25 de maio de 2026.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes para a participación no proceso selectivo para a confección das listas de nomeamento/contratación que conformarán a bolsa de emprego destinada a cubrir as necesidades de persoal docente nos dous postos/categorías arriba indicadas, as solicitudes recibidas foron as seguintes:

Para o posto/praza de EXPERTO/A DOCENTE EN DESENVOLVEMENTO LOCAL:

Nº ORDE	APELIDOS	NOME	DATA PRESENTACIÓN SOLICITUDE
1	Barreiro Otero	María Teresa	20 de maio de 2026
2	López Cuiñas	Joaquín Egidio	20 de maio de 2026
3	Daviña Romero	María Dolores	23 de maio de 2026



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/05/2026 11:41	Páxina 1 de 4
630-14	CSV: ADB5B6-B483CF-CE34EB-ZKS4DX-5HNNGB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para o posto/praza de EXPERTO/A DOCENTE EN DESEÑO GRÁFICO:

Nº ORDE	APELIDOS	NOME	DATA PRESENTACIÓN SOLICITUDE
1	Muíños Martínez	Antía	20 de maio de 2026
2	Crespo Puga	Daniel	21 de maio de 2026
3	Alvarez Pereira	Rocío	21 de maio de 2026
4	Javurek Da Silva	Cristina Gabriela	21 de maio de 2026
5	Martínez Iglesias	Sandra	22 de maio de 2026
6	Cordero Novoa	Sandra	22 de maio de 2026
7	Riveiro Prego	Antonio	22 de maio de 2026
8	Anido Pérez	Beatriz	23 de maio de 2026
9	Fernandez Umpiérrez	Natalia	24 de maio de 2026
10	Otero Garrido	Berta	25 de maio de 2026
11	Chamorro Misa	Regina	25 de maio de 2026

A vista de todo o exposto e, en base á documentación presentada dentro do prazo establecido polas persoas candidatas, elévase á Presidencia (competencias delegadas na concelleira membro da Mancomunidade, D^a Patricia Rodríguez Calviño por Resolución da Presidencia de data 21 de Xullo de 2023 de delegación de competencias) a seguinte

PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas na Bolsa de Emprego destinada a cubrir necesidades de persoal docente na Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo para a execución de proxectos e programas de emprego e formación (Obradoiros de emprego e Programas de emprego para persoas mozas):

Para o posto/praza de EXPERTO/A DOCENTE EN DESENVOLVEMENTO LOCAL:

APELIDOS	NOME	DNI	ADMISIÓN/EXCLUSIÓN	MOTIVO EXCLUSIÓN (*)
BARREIRO OTERO	MARIA TERESA	**9967**N	ADMITIDO/A	
DAVIÑA ROMERO	MARÍA DOLORES	**2580**K	ADMITIDO/A	
LÓPEZ CUIÑAS	JOAQUIN EGIDIO	**4564**G	ADMITIDO/A	

(*) MOTIVOS DE EXCLUSIÓN

- (1) Presentación fora de prazo
- (2) Non achegar solicitude no modelo oficial que figura nas bases (base 7ª)
- (3) Non achegar copia do DNI (base 7ª)
- (4) Non ter nacionalidade española e/ou non cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do TRLEBEP no caso de aspirante nacionais doutros estados (base 6ª)
- (5) Non ter cumpridos 16 anos ou exceder da idade máxima de xubilación forzosa (base 6ª)
- (6) Non achegar documentación acreditativa da titulación universitaria requirida (anexo I, bases específicas)
- (7) Non achegar documentación acreditativa suficiente da experiencia profesional mínima requirida (anexo I, bases específicas)
- (8) Non achegar documentación acreditativa da competencia docente (anexo I, bases específicas).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/05/2026 11:41	Páxina 2 de 4
630-14	CSV: ADB5B6-B483CF-CE34EB-ZKS4DX-5HNNGB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Para o posto/praza de EXPERTO/A DOCENTE EN DESEÑO GRÁFICO:

APELIDOS	NOME	DNI	ADMISIÓN/EXCLUSIÓN	MOTIVO EXCLUSIÓN (*)
ALVAREZ PEREIRA	ROCIO	**0035**T	ADMITIDO/A	
ANIDO PÉREZ	BEATRIZ	**7360**A	EXCLUÍDO/A	(7)
CHAMORRO MISA	REGINA	**6080**R	ADMITIDO/A	
CORDERO NOVOA	SANDRA	**4592**W	EXCLUÍDO/A	(2) (7)
CRESPO PUGA	DANIEL	**1749**G	EXCLUÍDO/A	(7)
FERNANDEZ UMPIÉREZ	NATALIA	**4074**S	EXCLUÍDO/A	(2) (7)
JAVUREK DA SILVA	CRISTINA GABRIELA	**1947**Z	ADMITIDO/A CONDICIONADA (**)	
MARTINEZ IGLESIAS	SANDRA	**1953**T	ADMITIDO/A	
MUÍÑOS MARTÍNEZ	ANTÍA	**5817**X	EXCLUÍDO/A	(7)
OTERO GARRIDO	BERTA	**4075**M	EXCLUÍDO/A	(6) (7)
RIVEIRO PREGO	ANTONIO	**0852**E	ADMITIDO/A	

(*) MOTIVOS DE EXCLUSIÓN

- (1) Presentación fora de prazo
- (2) Non achegar solicitude no modelo oficial que figura nas bases (base 7ª)
- (3) Non achegar copia do DNI (base 7ª)
- (4) Non ter nacionalidade española e/ou non cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do TRLEBEP no caso de aspirante nacionais doutros estados (base 6ª)
- (5) Non ter cumpridos 16 anos ou exceder da idade máxima de xubilación forzosa (base 6ª)
- (6) Non achegar documentación acreditativa da titulación universitaria requirida (anexo I, bases específicas)
- (7) Non achegar documentación acreditativa suficiente da experiencia profesional mínima requirida (anexo I, bases específicas)
- (8) Non achegar documentación acreditativa da competencia docente (anexo I, bases específicas).

(**) Admitida condicionada á realización/superación da proba de lingua galega, xa que non acredita documentalmente estar en posesión do título de CELGA IV ou equivalente (base 6ª f)

SEGUNDO.- Publicar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas no taboleiro de anuncios da entidade e na páxina web da Mancomunidade (www.maiv.org), na páxina de inicio no apartado de “novas” así como na sección de ofertas de emprego (<https://www.maiv.org/?sec=19>).

Non obstante, aos efectos de asegurar a publicidade adecuada e unha maior transparencia, establécese a posibilidade de que os servizos administrativos da MAIV contacten telefonicamente ou por correo electrónico coas persoas candidatas para informarlles da publicación desta relación provisional de persoas admitidas e excluídas.

Os/as aspirantes excluídos/as dispoñen dun prazo de 3 días naturais, a partir da publicación deste anuncio na páxina web da entidade, para formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a súa exclusión.

É insubsanable a presentación da solicitude fóra do prazo e o incumprimento dos requisitos esixidos para tomar parte no concurso.

TERCEIRO.- Conforme ás bases da convocatoria, as persoas que non acrediten documentalmente o coñecemento da lingua galega nivel CELGA 4 ou equivalente deberán superar a proba de galego prevista nas mesmas, consistente na tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán, cualificada como apto/a ou non apto/a (BASE 6ªf).

O desenvolvemento da proba de coñecemento de lingua galega farase con anterioridade á celebración da fase de concurso (BASE 11ª).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/05/2026 11:41	Páxina 3 de 4
630-14	CSV: ADB5B6-B483CF-CE34EB-ZKS4DX-5HNNGB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CUARTO.- Unha vez resoltas as reclamacións, a relación definitiva de admitidos publicarase no Taboleiro de anuncios e na páxina web da Mancomunidad de Vigo (www.maiv.org), segundo se establece nas propias Bases específicas da convocatoria.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Técnica da MAIV

Lourdes González Salceda (Responsable do Servizo de Promoción Económica)

DECRETO

Vista a proposta precedente, no uso das atribucións que me confire o acordo de delegación de competencias do Presidente da MAIV de data 21 de xullo de 2023, e de conformidade coas facultades que confire a lexislación vixente, en especial o artigo 186 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

RESOLVO

prestar a miña conformidade coa devandita proposta.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A CONCELLEIRA DELEGADA DA MAIV (P.D. 21/07/2023)

Patricia Rodríguez Calviño

Dou fé,

A SECRETARIA DA MAIV

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/05/2026 11:41	Páxina 4 de 4
630-14	CSV: ADB5B6-B483CF-CE34EB-ZKS4DX-5HNNGB-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		